



CHISTES

Unha parella tiña dous nenos pequenos, de oito e dez anos, que eran moi trastes.

Sempre estaban meténdose en leas e seus pais sabían que se algunha trasnada acontecía no pobo, os seus fillos estaban metidos na leria.

A nai dos nenos escoitou que o cura do pobo tiña moito éxito cos nenos, así que pediulle que falara con eles. O cura aceptou, pero dixo que os vería por separado. A nai mandou primeiro ao máis pequeno.

O cura era un home enorme con unha voz moi profunda. Sentou ao pequeno fronte a el e preguntoulle gravemente: Onde está Deus?

O rapaz quedou coa boca aberta, pero non respondeu.

O sacerdote repetiu a pregunta nun ton aínda máis grave: Onde está Deus?

De novo, o neno non contestou.

Entón, o cura axitou o seu dedo fronte á cara do pequeno, e berrou: Onde está Deus?

O neno saíu correndo ata a súa casa e escondeuse no garaxe.

Cando seu irmán o encontrou, preguntoulle: Que pasou?

El, case sen alento, contestoulle: Agora si que estamos en apuros, meu irmán. Secuestraron a Deus e cren que somos nós os que o temos.



Un home, de mediana idade, leva un bo anaco sentado no bar, mirando a copa sen bebela, cando chega un camioneiro alto e forte e bébelle a copa dun grollo. O pobre home botase a chorar e o camioneiro dille: Vamos, home, era unha broma, pídlle outra copa!

O señor contesta: Non, non é iso. É que hoxe foi o peor día da miña vida. Primeiro, chego tarde ao traballo e despídenme. Logo, ao chegar onde estaba o meu coche, vexo que mo roubaron. Camiño á miña casa e vexo a miña muller con outro home. Veño para este bar e cando ía rematar con todo isto, chega vostede e toma o meu veneno.

Jesús Soengas Gómez, B3B

ADIVIÑAS

1- Cruza os ríos, tamén os mares, voa sen ás a todas partes.

2- Coas miñas follas ben xuntas, que non mas leva o vento, non dou sombra nin acubillo, pero ensino e entreteño.

3- Todo o mundo o leva, todo o mundo o ten, porque a todos nos dan un en canto ao mundo vés.

4- Tres partes ten o meu nome: en Francia está a primeira; a segunda, aínda que te asombre, dentro dun cisne se atopa e a terceira, tena a cociñeira.

5- Na punta sur de España, unha cidade con castelo que ao mouro non se rendeu porque Guzmán non cedeu nin ante a morte do seu fillo.

6- "No ganose en una hora", din os romances antigos, do Douro vila señora, cidade antiga de séculos.

7- Pasa o Ebro pola miña porta e a miña cantiga chega ao mar. Aquí apareceu a Virxe no alto dun pilar.

8- É porto e non é de mar, é rico, sen capital.

9- Se che digo que na sala vin unha muller manca con que fermosa cidade podería relacionala?

Jesús Soengas Gómez, B3B



Soluciones: 1- carta, 2- libro, 3- Rico, 9- Salamanca
Zamora, 7- Zaragoza, 8- Porto
nome, 4- Francisco, 5- Tarifa, 6-